

Mozart ao teu carón

CICLO DE LIED

MÉRCORES 11 OUTUBRO 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

Juliane Banse, soprano
Alexander Krichel, piano
István Simon, bailarín
Andreas Heise, coreógrafo e director

UY Studio, vestuario
Joe Schadl, deseño de iluminación
The journey, produción

CONVERSANDO CON...
Teresa Adrán • Sala Mozart, 19:00 h

fiando historias

MIGRACIONES

PROGRAMA

W. A. Mozart. Selección

*Sonata para piano núm. 12 en Fa maior,
K. 332: I. Allegro*

Das Veilchen, K. 476

An die Freude, K. 53

Das Traumbild, K. 530

*Sonata para piano núm. 12 en Fa maior,
K. 332: II. Adagio*

Als Luise die Briefe, K. 520

Das Lied der Trennung, K. 519

Fantasia en do menor, K. 475

Der Zauberer, K. 472

An Chloe, K. 524

Abendempfindung, K. 523

*Sonata para piano núm. 12 en Fa maior,
K. 332: III. Allegro assai*

Requiem in re menor, K. 626: Lacrimosa
(Transcripción para piano Franz Liszt)

En colaboración coa Asociación de Amigos da
Ópera
de Santiago de Compostela

Duración aproximada do concerto: 70 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

Juliane Banse

soprano

Cunha traxectoria ampla e diversa, poucos artistas da súa xeración alcanzan o éxito da soprano Juliane Banse. O seu repertorio operístico abarca dende personaxes como Marschallin, Contessa (*Le Nozze di Figaro*), Fiordiligi, Dona Elvira, Vitellia (*La clemenza di Tito*), Genoveva (papel principal), pasando por Leonore e Tatyana (*Eugene Onegin*), ata Arabella e Grete (*Der ferne Klang* de Schreker). Aos 20 anos interpretou a Pamina na produción de Harry Kupfer *Die Zauberflöte* na Komische Oper Berlin. A súa actuación como Brancaneves na estrea mundial da ópera homónima de Heinz Holliger, con quen mantén unha estreita relación laboral, na Ópera de Zúric foi cualificada de inesquecible. Juliane Banse cantou o papel principal no revival de *Jeanne d'Arc* de Walter Braunfels en Colonia, e apareceu en Zúric na estrea mundial da ópera *Lunea* de Heinz Holliger. Deu o seu esperado debut como Marschallin en *Der Rosenkavalier* de Strauss, e cantou o papel de Elsa von Brabant en *Lohengrin* de Wagner en Nantes e Anger. Realizou tres monodramas notables: *The Tell-Tale Heart*, do compositor holandés Willem Jeths no Concertgebouw, o *Diario de Ana Frank* de Grigori Frid, no Theater an der Wien, *La*

Voix humaine de Poulenc, na Ópera Estatal de Berlín e na Ópera de Colonia, e cantou a estrea do ciclo Catro mulleres de Shakespeare, de Manfred Trojahn, composto especialmente para a súa voz. Nos EUA, Juliane Banse apareceu recentemente como Rosalinde (*Fledermaus*) en Chicago e na *Arabella* de Strauss (Zdenka) no Metropolitan Opera de Nova York.

No eido concertístico a artista interpretou un amplo repertorio con directores de sona como Lorin Maazel, Riccardo Chailly, Bernard Haitink, Franz Welser-Möst, Marin Alsop, Zubin Mehta e Manfred Honeck. A tempada 2020/2021 volveu ser rica en variedade, incluíndo a interpretación de *Punegiae* de Heinz Holliger co Contrechamps Ensemble baixo a batuta do compositor e a cantata de Haydn *Arianna a Naxos* en Colonia.

Os recitais de cancións e a música de cámara sempre ocuparon un lugar destacado no calendario de Juliane Banse, con actuacións no Wigmore Hall de Londres, á Schubertiade de Vilabertran e o Teatro da Zarzuela de Madrid. Os concertos de *Wesendonck Songs* de Wagner, acompañados polo checo Nonett, levárona a Bayreuth, Friburgo/CH, Emden e Passau. Interpretou o *Winterreise* de Schubert xunto co pianista Alexander Krichel e o bailarín István Simon na coreografía de

BIOGRAFÍAS

Andreas Heise en Stuttgart e Duisburgo, entre outros lugares.

Moitas das gravacións de Juliane Banse gañaron premios, e dúas delas recibiron un Echo Klassik: *Jeanne d'Arc* de Braunfels coa Orquestra Sinfónica da Radio Sueca baixo a dirección de Manfred Honeck (nominada: primeira gravación mundial do ano) e a *Oitava Sinfonía* de Mahler coa Tonhalle Orchester Zurich e David Zinman. En 2017, o seu CD Unanswered Love, xunto coa Deutsche Radiophilharmonie Saarbrücken Kaiserslautern baixo a dirección de Christoph Poppen, foi lanzado con grande éxito mediático, con obras de Reimann, Rihm e Henze, algunhas delas gravadas por primeira vez e dedicadas a ela. O seu CD Im Arm der Liebe coa Orquestra da Radio de Múnic inclúe obras de Braunfels, Korngold, Marx e Pfitzner. Tamén recibiu grandes eloxios pola súa gravación de *Marienleben* de Hindemith xunto ao pianista Martin Helmchen, unha obra que a artista lle gusta especialmente cantar. Ademais, varias das súas actuacións con orquestra, como a *Puneigae* de Heinz Holliger e *Messages of the Late Miss R.V. Troussova* de G. Kurtág.

Nacida no sur de Alemaña e criada en Zúric, a soprano tomou clases primeiro con Paul Steiner e máis tarde con

Ruth Rohner na Ópera de Zúric, completando os seus estudos con Brigitte Fassbaender e Daphne Evangelatos en Múnic. No seu labor docente, ocupou unha cátedra de canto na Robert Schumann Hochschule Düsseldorf desde o semestre de inverno 2016/2017. Aceptou un posto no Mozarteum de Salzburgo, que se fixo efectivo a partir do semestre de inverno 2020/2021. Tamén imparte clases maxistras no seu país e no estranxeiro.

Alexander Krichel

piano

O pianista e gañador do premio ECHO Klassik, Alexander Krichel é coñecido polas súas engaiolantes interpretacións das obras máis exixentes da literatura pianística. Desde Beethoven e Liszt ata Rachmaninov e Prokofiev, Alexander Krichel non só brilla polas súas habilidades técnicas, senón tamén pola súa capacidade para capturar plenamente a mensaxe emocional da música que transcende ao público. Contrastar o eficaz trono do teclado con suaves e luminosas cantinelas é un dos sinais de identidade deste pianista nado en Hamburgo en 1989. Alexander formouse con dous dos máis grandes pianistas rusos da actualidade. En Hannover, foi o derradeiro alumno de Vladimir Krainev antes de se graduar coa máis alta distinción no Royal College of Music de Londres, onde estudou con Dmitri Alexeev. Durante a súa carreira, o artista desenvolveu unha relación especial con Sergei Rachmaninov cuxos concertos para piano son una parte importante do repertorio de Krichel. A gravación en vivo do *Segundo Concerto para piano* coa Orquestra Filharmónica de Dresde baixo a dirección de Michael Sanderling, xunto coa gravación dos tres grandes ciclos para piano

de Maurice Ravel, encóntranse entre os aspectos máis destacados da súa discografía, que comprende un total de sete álbums. Despois de que Alexander Krichel celebrara o seu debut con Berlin Classics co álbum Enescu & Mussorgsky, o segundo lanzamento desta colaboración apareceu o 24 de marzo de 2023 con My Rachmaninoff, apenas uns días antes de que o compositor ruso celebrara o seu 150 aniversario. Alexander Krichel considera fogar escenarios nacionais e internacionais: deu concertos na Filharmónica e Konzerthaus de Berlín, a Elbphilharmonie e Laeiszhalle de Hamburgo, Herkulesaal e Prinzregententheater de Múnic, na Filharmónica de Colonia, Tonhalle Zúric, St. Martin in the Fields en Londres e na Filharmónica de San Petersburgo. Tamén foi invitado a actuar na cidade de Nova York, en Cidade do Cabo, Tokio, Kioto, Caracas, Cidade de México, Oslo, Varsovia, Bucarest e outras moitas. Ademais das súas aparicións coa Sinfónica da Radio de Frankfurt, a Sinfónica de Bamberger, a Filharmónica de Dresde, a Filharmónica Alemá de Renania e a Filharmónica de Bremen, tamén é invitado na Orquestra Sinfónica de Tokio, a Orquestra Sinfónica de Kioto, o Festival Strings de Lucerna, a Orquestra Filharmónica de Cámara Polaca, a Orquestra Sinfónica de San Petersburgo e outras formacións. Ten tocado

BIOGRAFÍAS

con directores de sona como Jonathan Nott, Michael Sanderling, Gabriel Feltz, Wojciech Rajski, Markus Poschner, Andrew Litton e Ruben Gazarian. Participou en numerosos festivais, entre eles o Festival de Música de Schleswig-Holstein, o Festival de Música de Rheingau, o Festspiele de Mecklemburgo, o Beethovenfest de Bonn, o Schwetzingen Festspiele, o Kissinger Sommer, o Piano aux Jacobins e o Festival Internacional de Música de Marvão. Tamén interpreta música de cámara co Shanghai String Quartet, o Goldmund Quartet e o Amaryllis Quartet. Alexander Krichel non é só un artista escénico, senón cofundador e director artístico do galardoado festival Kultur Rockt e director artístico da exclusiva serie de música de cámara Kammermusik am Hochrhein. Desde 2018 forma parte do xurado do Premio Fanny Mendelssohn. Alexander Krichel ten paixón polas artes escénicas e visuais, así como das linguas estranxeiras. Participa en proxectos que dan acceso a xente nova á música clásica e participa en accións solidarias para enfermos terminais en Alemaña.

István Simon bailarín

István Simon é un artista internacional de danza, intérprete invitado permanente da Ópera de Dortmund e invitado habitual de moitos dos teatros e teatros de ópera máis admirados do mundo, como o Teatro di San Carlo-Nápoles e o Kremlin Theatre-Moscow.

Estudou na Hungarian Dance Art University de Budapest. Gañou medallas de ouro nos concursos internacionais de ballet de Helsinki, Brno, St Pölten, foi finalista no Prix de Lausanne e gañou o Grand Prix Award da HDAA en Budapest.

A súa traxectoria na danza comezou en 2007 no Semperoper Ballet de Dresden, Alemaña e axiña se converteu en artista invitado principal do Ballet Nacional de Hungría. Na tempada 2013/14 uniuse ao Ballet Nacional de Hungría e foi invitado a regresar á Semperoper como bailarín principal un ano despois.

Como artista internacional de danza, é convidado regularmente aos festivais e galas máis prestixiosos do mundo. Actuou na Ópera Nacional de París, Centro de Nova York, Teatro Saitama de Tokio, Teatro Alexandrinsky de San Petersburgo, Teatro DeSingel de Amberes,

Théâtre des Champs-Élysées de París, Théâtre de la Ville de París, Liceo da Ópera de Barcelona, Teatro di San Carlo, Teatro Kremlin de Moscova, Ópera Nacional de Hungría, Ópera de Göteborg, Staatstheater Nürnberg, Ópera Nacional de Finlandia, Palacio dos Emiratos de Abu Dhabi e Festspielhaus St. Pölten, na Ópera de Chemnitz, ou no Musiktheater im Revier Gelsenkirchen.

O seu amplo repertorio vai dende o clásico ata o contemporáneo. Realizou os principais papeis masculinos da literatura de ballet clásica e neoclásica máis coñecida, como Siegfried no *Lago dos Cisnes*, Albrecht en *Giselle*, Romeo en *Romeo e Xulieta*, Solor en *La Bayadere*, Franz en *Coppelia*, James en *La Sylphide*, Lensky, en *Onegin* e Armand n' *A dama das camelias*, Oberon n' *O soño dunha noite de verán*. Traballou xunto cos coreógrafos contemporáneos máis distinguidos da actualidade como William Forsythe, Jirí Kylián, Mats Ek, Johan Inger, Alexander Ekmann, David Dawson, Jacopo Godani, Stijn Celis, Xin Peng Wang, Jiří Bubeníček e Ohad Naharin e é membro do Consello Social da Universidade de Danza Húngara.

BIOGRAFÍAS

Andreas Heise coreógrafo e director

Nacido en Alemaña, Andreas Heise estudou danza na Palucca University for Dance de Dresde, e completou a súa formación en interpretación e dirección de teatro en Nova York, Noruega e na East 15 Acting School de Londres. A súa carreira como bailarín comezou con Uwe Scholz no Leipziger Ballett en 1998. En 2003, Andreas uniuse ao Norwegian National Ballet de Oslo, onde interpretou moitos papeis principais, incluíndo Romeo en *Romeo e Xulieta*, Lenski en *Onegin*, Mitch en *A Streetcar Named Desire*, Oswald en *Ghosts*, Albrecht en *Giselle* e Lysander n' *O soño dunha noite de verán*. Tamén creou papeis en ballets de Jirí Kylián, William Forsythe, Paul Lightfoot, Sol Leon, John Neumeier, Nacho Duato, Christopher Wheeldon, Liam Scarlett, David Dawson e Jorma Elo.

Andreas exerceu un intenso labor docente na Escola Nacional de Ballet de Noruega e nas producións de xira de DV8 de *John* e *Can We Talk About This*. En 2006, comezou a coreografiar regularmente para o Ballet Nacional de Noruega con creacións como *Liebestod*, *Nucleus*, *Souls' Complexion*, *Meditative Rose* e *Il Combattimento di Tancredi e Clorinda* de Montverdi.

En 2013 creou *How I would like to...* para a Compañía de Ballet de Ekaterimburgo, que se reproduciría con bailaríns de Hessisches Staatsballett en Wiesbaden no Concurso Internacional de Coreógrafos de Hannover 2014.

En 2015, Andreas creou o trío *Me, Myself and I* na Universidade Palucca de Danza de Dresde para as celebracións do 90 aniversario da escola. En 2015 fixo o seu debut no Reino Unido como director asociado e coreógrafo da produción de Paul Curran *Death in Venice*, de Benjamin Britten na Garsington Opera.

En xuño de 2017 Andreas tivo o seu debut coreográfico no Festival de Salzburgo nunha produción de *Ariodante* de Haendel xunto ao director de ópera Christof Loy e Cecilia Bartoli no papel principal e en novembro creou *Air* para estudantes de bacharelato en Kunsthøgskolen en Oslo.

Outros encargos como coreógrafo inclúen unha nova produción de *The Flying Dutchman* de Wagner na Nederlandse Reisopera; a coreografía para a produción do drama *Jedermann* no Festival de Salzburgo 2018; e *Nachtstück* para os Novre Young Coreographers no Stuttgart Ballet en xullo do mesmo ano. No outono de 2018, creou o seu primeiro ballet

de longa duración: *Sandmann*, para a Compañía de Ballet en Graz, Austria. O seu debut como director e coreógrafo nunha nova produción de *Dido e Aeneas*, de Purcell, nunha colaboración entre a Ópera e Ballet Nacional de Noruega estreouse en marzo de 2019, e unha produción de *Capriccio* de Strauss baixo a dirección de Christof Loy no Teatro Real de Madrid tivo lugar en maio de 2019. A súa versión de *Winterreise* de Schubert foi estreada no Festival Internacional de Música de Marvão, Portugal en xullo de 2019, e en Alemaña o 15 de setembro de 2019 no Erholungshaus de Leverkusen ao abeiro de Bayer Kultur. Tamén se representou, organizado polo Goethe Institut Pakistan, en Lahore, Islamabad e en Karachi durante o Festival do Consello Nacional das Artes de Paquistán (PNCA) en marzo de 2020.

Outra das súas creacións, *Lamento* presentouse no Stuttgarter Ballett en novembro de 2019, antes de que Andreas se unise a Christof Loy para unha nova produción de *Eugen Onegin* de Chaikovski na Ópera Nacional de Noruega en febreiro de 2020. Debido á Covid 19, a súa nova versión coreografiada do *Schwanengesang* de Schubert para a Compañía de Ballet de Graz, en Austria, aprázase de abril de 2020 a maio de 2022. Estreouse o novo solo *Du bist die*

Ruh, creado para a bailarina principal Yolanda Correa na Gala 'From Berlin con Love-Vol. I' en agosto de 2020.

Andreas asumiu a dirección artística do proxecto de arte e ciencia *Taming Our Trauma* en colaboración con Praetorian Art & Health Consulting en Dresde. A produción *Schütz Universum* levouno á Trinitatiskirche de Dresde en novembro de 2022, onde puxo en escena un proxecto interdisciplinar de longa duración con cantantes do Ensemble Auditiv Vokal, o colectivo musical Topograph e bailaríns, para conmemorar o 350 aniversario da morte de Heinrich Schütz. Ademais, traballa de setembro de 2022 a maio de 2023 como un dos directores do proxecto comunitario «LOVE est.2023 - how we love» na Elbphilharmonie de Hamburgo.

NOTAS AO PROGRAMA

Andreas Heise explora o amor, a perda e o deixar ir a través dunha selección de cancións e pezas para piano de Mozart. Cando o canto e o piano, a danza funciona como un medio dramaturxico para facer intensamente tanxibles sentimentos e situacións. Movemento, voz e piano mestúranse nunha soa expresión e ofrecen unha experiencia teatral apaixonante e moi emotiva coa música de Mozart, o cume do clasicismo máis transcendente, tráxico, e poético; un compositor cheo de contrariedades que foi quen de encontrar o camiño da síntese.

Como fio condutor deste repertorio musical aparece a *Sonata en Fa maior KV 332* vinculada á etapa de transición, entre Salzburgo e Viena, na que Mozart se dedicou ao ensino do piano por necesidade máis que por calquera outra razón. Probablemente, isto explica que esta obra fose material didáctico para as clases, nas que o estudantado aprendía a tocar o instrumento, pero tamén principios básicos de composición. Para esta finalidade, encaixaría o Allegro en forma sonata clásica, que compendia exemplos de certos estilos compositivos da época, como o cantabile, contrapuntístico, de fanfarras ou *Sturm und Drang*, creando un xogo entre os elementos estáticos e case neutros —os dous temas principais— e a actividade expresiva e dramática das

pasaxes que modulan a peza. O *Adagio* desenvolve unha idea de *cantabile* de orixe galante ata o acompañamento no característico baixo albertino, sen renunciar a unha estrutura puramente de sonata. O *Allegro assai* final é un rondo-sonata profuso en novos temas que se alternan cun retrouso brillante de carácter virtuosístico. O ritmo fluído e as veloces figuracións de semicorchea, danlle unha lixeireza particular ás veces disimulada por momentos de intensa melancolía ou de drama máis enérxico, ata un remate suavemente matizado.

O extenso catálogo da produción pianística de Mozart inclúe cinco obras que levan o título de *Fantasia*. A última delas, a *KV. 475 en do menor* é un dos cumios do repertorio mozartiano para piano. Aínda que datada en Viena, o 20 de maio de 1785, foi composta como introdución á *Sonata KV 457*, rematada en outubro do ano anterior e publicadas ambas de forma conxunta, con dedicatoria a Theresa van Trattner. A *Fantasia*, case da mesma extensión que a *Sonata*, afonda aínda máis no clima apaixonado que raia coa traxedia pois, no fondo, late un conflito sentimental coa dedicatoria das pezas que debeu de tocar fundamente a Mozart, pero do que non existe constancia documental porque a correspondencia entre Mozart e von Trattner desapareceu. A *Fantasia en do menor* é unha

composición de ampla e fonda inspiración dividida en catro movementos que se pechan cunha repetición da sección inicial. Desiguais estados de ánimo e sensacións como a dor, a rebeldía ou a resignación, percorren a partitura que comeza con *Adagio* intenso e reflexivo cheo de cromatismos para cambiar radicalmente no axitado *Allegro* que remata nunha vertixinosa escala cromática que desemboca nun inquedo *Andantino*, último oasis antes da explosión dun violento, dramático e abraiante *Più Allegro* que se calma pouco a pouco. Mais xusto cando a tonalidade final parece destinada a esvaecerse suavemente no rexistro grave do teclado, a partitura ten un impulso final e péchase perentoriamente con tres furiosas escalas ascendentes de do menor.

Mozart tamén é autor dunhas 30 obras para voz e piano que conforman un corpus significativo dentro da súa produción, quizais un resumo estilístico do que foi ese xénero durante o século XVIII e un adianto do que sería a gran manifestación da primeira metade do XIX, cando Schubert e Schumann se apartaron da norma e idearon o que hoxe coñecemos como *lied*, un vocábulo que nunca foi utilizado polo xenio de Salzburgo pois esas obras tiñan diversas acepcións: *canzonette*, *ariette* ou, sobre todo, *deutsche Arien* (arias alemás),

incluso co engadido *zum Singen beim Klavier* (para cantar ao piano). A claridade de liñas, a sinxeleza, a naturalidade, a variedade, unha certa capacidade para adaptarse aos métodos en auxe animan este grupo de pezas nas que aparecen indiscutibles páxinas mestras nas que se agocha, tras as belas melodías e o fermoso material sonoro, un sentimento ás veces retraído e outras exaltado. Desas cancións, hoxe interprétanse tres exemplos destacados nos que a música vocal se adapta perfectamente ao texto para comunicar fondas emocións *An Chloe* (Para Chloe) e *Das lied der Trennung* (Canción da separación), compostas en 1787 e publicadas en 1789 baixo o título de *Dúas arias alemás para voz e piano*, ademais dunha das xoias do xénero, *Abendempfindung KV 523* (Sensación nocturna). *An Chloe KV 524*, sobre un poema de Johann Georg Jacobi, é máis explícita que calquera *lied* clásico; as estrofas escollidas contan a felicidade dos amantes truncada pola traizón e a morte, o texto técese cunha melodía popular simple nunha partitura de motivos e pausas dramáticas dunha escena de amor operística, que se reflicte nos ritmos punteados e fai que, nunha soa aparición, nos lembren os latidos do corazón de quen fala ou o bico do compás 18 que deixa sen alento e permite que o piano continúe a melodía. Mesmo na

NOTAS AO PROGRAMA

canción *KV. 519*, con texto de Christian Felix Weisse, explora a tristeza e a resignación coa mesma estrutura clásica que *An Chloe* pero nun ton máis melancólico para narrar a separación dos amantes. *Abendempfindung K 523* ilustra un texto de Joachim Heinrich Campe e é unha meditación alexíaca sobre a morte composta en xuño de 1787. Probablemente, Mozart tiña daquela moi presente o recente falecemento do seu pai e a perda de dous dos seus fillos. O compositor canta de maneira tenra e contemplativa, nun límpido Andante alla breve en fa maior, as impresións que lle produce o solpor. O texto adquire unha calidade dramática pola forma en que a cantable e suave liña vocal da abertura alterna cun estilo máis simple e directo para dar a impresión de emocións que interrompen o cantante en medio dos seus pensamentos.

Aos 12 anos Mozart escribiu, sobre un texto do poeta masón Johann Peter Uz, unha pequena peza titulada *An die Freude, KV 53 (47e)* que pode ser considerada a súa primeira creación neste xénero. Son sete estrofas idénticas, das que normalmente se interpretan dúas, unha especie de oda de fermosa liña melódica, cunha repetición graciosamente adornada. Un anticipo, sen dúbida, de futuras obras masónicas.

Outra das cancións máis representativas é *Als Luise die briefe ihres ungetreuen Liebhabers verbrannte KV 520* (Cando Luisa queimou as cartas do seu amante infiel), un *andante* en do menor escrito cando o compositor salzburgués se atopaba sumido na composición de *Don Giovanni*. Sobre un poema de Gabriele von Baumberg, e a petición do seu amigo Gottfried von Jacquin, narra a ira dunha muller que, traizoada polo seu amante, prende lume ás súas cartas nunha breve e dramática escena de ópera. As notas da man dereita, os trémolos e os valores punteados acompañan e impulsan a emocionada voz, protagonista dun conciso e emotivo arioso que imita o resplandor e crepitar das lapas pero tamén o ardor da traizoada Luisa. As catro estrofas de Ludwig Heinrich Hölty que conforman *Das Traumbild KV 530* (A visión), ofreceron a Mozart a ocasión de tratar o tema literario dende un ritmo tranquilo sobre o que transita unha sinxela melodía. O motivo melódico, en mi bemol maior, lembra o dúo Pamina-Papaxeno d'*A frauta máxica*. A peza, datada en Praga a finais de 1787, encádrase dentro da etapa áurea da composición mozartiana que inclúe composicións que transcenden o ámbito da miniatura e avanzan logros que acabarían por formar parte da corrente que, a través de Beethoven e outros como Schulz, Zelter o Zumsteg, levaría ata Schubert.

Sen dúbida, *Das Veilchen KV. 476* (A violeta) (Viena, 8 de xuño de 1785) representa un dos poucos traballos do compositor que ilustra o texto dun insigne poeta como Goethe e que conta a historia unha violeta pisada inadvertidamente por unha doncela. A obra, de trazo sinxelo, recolle un contido dramático que vai anunciándose, case tristemente, mediante elegantes variacións de tempo e de clima expresivo e dun interesante uso dos silencios. O piano traduce axilmente o transcurso da acción e a sutil modulación reflicte o aciago pisotón.

En *Der Zauberer KV 472* (O mago), tamén utiliza un poema de Christian Felix Weisse en cuxas catro estrofas, nun sinxelo compás en si bemol maior, insiste en relatar as emocións amorosas dunha muller nova ante o embeleso dun apostado home que enfeitiza a muller como se dun mago se tratase. Vivacidade, entusiasmo, vibrante expresión que se resumen no clímax erótico en versos como *er muss ein Zauberer sein* (crédeme, debe ser un mago), nos que a voz acada o seu máximo esplendor.

O caso máis paradigmático de obra completada tras a morte do compositor é o *Réquiem en re menor* de Mozart, pois só tiña rematado o *Requiem Aeternam*

e bosquejado con bastante precisión dende o *Kyrie* ata o *Hostias* coas partes solistas e corais xunto ao baixo ou algúns apuntes instrumentais. En xullo de 1791, o *Réquiem* fora encargado secretamente polo conde Walsegg-Stuppach, pero Mozart non tivo tempo para remátalo. O manuscrito pasou polas mans de Freistädler quen finalizou a instrumentación *Introito* e *Kyrie* e Eybler pero desistiu na tarefa no momento de ter que engadir notas á parte de soprano de *Lacrimosa*, que se interrompía no oitavo compás da partitura vocal, xusto en *Qua resurget ex favilla, judicandus homo reus*. A partitura tamén chegou a Süßmayr para revisar o realizado polos seus antecesores, e este retocou a instrumentación de Freistädler e de Eybler, aínda que sen reparar no novo camiño emprendido por Mozart na obra. A transcripción da *Lacrimosa* forma parte da homenaxe que rendeu Liszt a Mozart e que inclúe varias seccións do *Réquiem* ademais do *Ave Verum*, que adoitaba presentar aos seus alumnos como un conxunto. Liszt publicouna en 1865, escrita segundo a forma *Lacrymosa*.

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026 | 981 573 979

ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia

@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura

TWITTER

@rfgalicia

@CCultura

PRÓXIMO CONCERTO

mar en calma

XOVES 19 OUTUBRO

Auditorio de Galicia, 20:30 h

CONVERSANDO CON...

Joana Carneiro & André Cebrián

Sala Mozart, 19:45 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Joana Carneiro, directora

André Cebrián, frauta

- Felix Mendelssohn: As Hébridas, op. 26
- John Corigliano: Viaxe para frauta e corda (Estrea en España)
- Moisey Samuilovich Weinberg: Concerto núm. 1 para frauta e corda op. 75
- Felix Mendelssohn: Sinfonía núm. 3 en la menor, op. 45 "Escocesa"